



IES "Isaac Díaz Pardo"



PEC

Documento 2

➔ *Proyecto lingüístico*



Proyecto lingüístico



PEC - Documento 2



Proyecto Lingüístico



IES "Isaac Díaz Pardo"

O presente documento ten por obxecto dar cumprimento ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, Capítulo III: As linguas oficiais de Galicia no ensino non universitario, Artigo 14. Proxecto lingüístico de centro, polo que se regula o contido e o desenvolvemento do

PROXECTO LINGÜÍSTICO

Foi informado polo Claustro de profesores na reunión celebrada o 10 de xuño de 2020 e aprobado polos membros do Consello escolar na reunión celebrada o 30 de xuño de 2020.

Última actualización aprobada en reunións de claustro e consello escolar celebradas o 28 de xuño de 2024.

O documento pretende describir todas as actuacións que se desenvolven no instituto conducentes á adquisición da competencia lingüística en igualdade nas dúas linguas oficiais e de acadar a adquisición dun coñecemento efectivo como mínimo nunha lingua estranxeira, ademáis de regular a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo.

Introdución	6
Capítulo I. Linguas de impartición das materias da educación secundaria obrigatoria e bacharelato.	7
Capítulo II. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.	11
Capítulo III. Procedementos para asegurar que o alumnado de Educación Secundaria de Adultos acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.	13
Capítulo IV. Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega	14
ANEXO I Currículo Integrado das Linguas.	16
1. Criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas.	16
2. Acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar.....	17
3. Tratamento que se lles dará aos contidos.	17
4. Criterios de avaliación.	18
5. Estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas.	18
ANEXO II. Consideracións xerais sobre o contorno social e sociolingüístico. Valoración das enquisas	19
1. Introdución.....	19
2. Reflexións previas.....	20
3. Evolución da lingua galega no conxunto de Galicia.	21
4. Situación da lingua galega no sector do alumnado.....	22
5. Situación da lingua galega no sector do profesorado.	39
6. Situación da lingua galega no sector das familias.....	46

Introdución

O Proxecto Lingüístico de Centro é un plan de traballo que ten como finalidade acadar unha mellora na competencia en comunicación lingüística a través das propostas de diferentes Departamentos e coa colaboración dos distintos sectores da comunidade educativa. Trátase dun documento vivo que debe ser revisado coa periodicidade que a Lei establece e ao que se pode acudir para verificar cales son as bases das que partimos á hora de planificar estratexias que nos conduzan ao obxectivo que pretendemos alcanzar; é tamén o documento que nos informa do punto do que partimos para establecer as pautas de traballo.

O que se pretende conseguir co mencionado proxecto é abordar a aprendizaxe lingüística dunha maneira integrada e interdisciplinar en tódalas áreas do currículo.

Está redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica, integrada polos xefes/as dos departamentos de linguas, a coordinadora do equipo de dinamización da lingua galega e o coordinador de convivencia.

Despois dunha primeira reflexión sobre a situación das diferentes linguas que se elaborou no noso centro ao longo do curso 2005-06 que permitiu definir con certa obxectividade a situación da comunidade educativa así como das familias respecto ao uso e competencia na lingua galega e noutras linguas, seguida dunha primeira elaboración do proxecto en 2011, a presente actualización do Proxecto Lingüístico toma como base a última versión vixente entre os cursos 2016-17 e 2019-20.

Durante o curso escolar 2019-20, e coa idea de elaborar un novo Proxecto Lingüístico a comisión encargada desta actualización traballou principalmente en dúas liñas:

- A elaboración dunhas novas enquisas destinadas ao alumnado, familias e profesorado como base para unha nova reflexión da que extraer as pertinentes conclusións sobre a situación lingüística actual do centro despois de catro anos. Ditas conclusións forman parte do Anexo II do presente documento.

- A toma de decisións sobre a lingua de impartición das diferentes materias nos distintos cursos buscando a equiparación que promove o Decreto.

Capítulo I. Linguas de impartición das materias da educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

O Decreto 79/2010 para o Plurilingüismo en Galicia no 2º dos seus principios dentro do Artigo 4º di que se debe garantir: “...o *máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas*”.

O Artigo 7º especifica a seguinte distribución en Educación Secundaria Obrigatoria:

- As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.
- Impartiranse en Galego as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da natureza, Bioloxía e Xeoloxía e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química.
- O resto das materias de cada curso distribúense na mesma porcentaxe de horas semanais en galego e castelán, decisión que compete a cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros.

No Artigo 8ª deste mesmo Decreto menciónase que no Bacharelato, e segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerase unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e castelán.

Nas Ensinanzas de Persoas Adultas (Artigo 10ª) cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

En todos os casos arriba mencionados, este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Tendo en conta as consideracións arriba mencionadas, que o Decreto citado estipula, a distribución de linguas e materias establecidas no noso centro é a que se relaciona de seguido.

EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS

ÁMBITOS EN GALEGO	HORAS	ÁMBITOS EN CASTELÁN	HORAS
ÁMBITO DE COMUNICACIÓN	5	ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO	8
ÁMBITO SOCIAL	4		
	9		8

1º ESO		LC	LG
	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		3+1
	XEOGRAFÍA E HISTORIA		3
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	
	LINGUA GALEGA E LITERATURA		3
	MATEMÁTICAS	4	
	TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3	
	1ª LINGUA ESTRANXEIRA		
	EDUCACIÓN FÍSICA	2	
	RELIXIÓN / PROXECTO COMPETENCIAL		1
	EPVA		2
	2ª LINGUA ESTRANXEIRA		
		12	13
Materias con idioma asignado no Decreto 79/2010			

2º ESO		LC	LG
	FÍSICA E QUÍMICA		3+1
	XEOGRAFÍA E HISTORIA		3
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	
	LINGUA GALEGA E LITERATURA		3
	MATEMÁTICAS	4	
	TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3	
	1ª LINGUA ESTRANXEIRA		
	EDUCACIÓN FÍSICA		2
	RELIXIÓN / PROXECTO COMPETENCIAL		1
	MÚSICA		2
	2ª LINGUA ESTRANXEIRA		
		14	11
Materias con idioma asignado no Decreto 79/2010			

3º ESO		LC	LG
	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		2
	FÍSICA E QUÍMICA	2	
	XEOGRAFÍA E HISTORIA		3
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	
	LINGUA GALEGA E LITERATURA		3
	MATEMÁTICAS	4	
	1ª LINGUA ESTRANXEIRA		
	EDUCACIÓN EN VALORES	1	
	EDUCACIÓN FÍSICA		2
	RELIXIÓN / PROXECTO COMPETENCIAL	1	
	MÚSICA	2	
	EPVA		2
	2ª LINGUA ESTRANXEIRA CULTURA CLÁSICA CULTURA FINANCIERA EDUCACIÓN DIXITAL ORATORIA		3
		13	15
Materias con idioma asignado no Decreto 79/2010			

IES Isaac Díaz Pardo
Proxecto Lingüístico 2020-24

4º ESO		CIENCIAS		HUMANIDADES/CCSS		APLICADAS	
		LC	LG	LC	LG	LC	LG
	XEOGRAFÍA E HISTORIA		3		3		3
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3		3		3	
	LINGUA GALEGA E LITERATURA		3		3		3
	MATEMÁTICAS A/B	4		4		4	
	EDUCACIÓN FÍSICA	2		2		2	
	RELIXIÓN / PROXECTO COMPETENCIAL		1		1		1
	1ª LINGUA ESTRANXEIRA						
MATERIAS DE OPCIÓN	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA		3				
	FÍSICA E QUÍMICA	3					
	ECONOMÍA				3		
	LATÍN			3			
	ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO						3
	DIXITALIZACIÓN					3	
	EXPRESIÓN ARTÍSTICA		3		3		3
	FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL		3		3		3
	MÚSICA	3		3		3	
	TECNOLOXÍA	3		3		3	
2ª LINGUA ESTRANXEIRA							
OPTATIVA	CULTURA CLÁSICA		3				
	EXPRESIÓN ARTÍSTICA		3				
	FILOSOFÍA	3					
	INTELIXENCIA ARTIFICIAL	3					
	MÚSICA	3					
	ORATORIA		3				
	2ª LINGUA ESTRANXEIRA						
Materias con idioma asignado no Decreto 79/2010							

1º BACHARELATO		CIENCIAS E TECNOLOXÍA		HUMANIDADES		CIENCIAS SOCIAIS	
		LC	LG	LC	LG	LC	LG
	FILOSOFÍA		X		X		X
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	X		X		X	
	LINGUA GALEGA E LITERATURA		X		X		X
	1ª LINGUA ESTRANXEIRA						
	MATEMÁTICAS I/MATE APLICADAS I/ LATÍN I	X		X		X	
	EDUCACIÓN FÍSICA	X		X		X	
DE OPCIÓN DE MODALIDADE	FÍSICA E QUÍMICA		X				
	BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS	X					
	DEBUXO TÉCNICO I	X					
	TECNOLOXÍA E ENXENARÍA I	X					
	ECONOMÍA			X		X	
	GREGO I				X		X
	HISTORIA MUNDO CONTEMPORÁNEO				X		X
	LITERATURA UNIVERSAL			X		X	
OPTATIVAS	ANATOMÍA APLICADA	X		X		X	
	ANTROPOLOXÍA		X		X		X
	CULTURA CIENTÍFICA		X		X		X
	LITERATURA GALEGA S XX		X		X		X
	TECNOLOXÍAS INTELIXENTES	X		X		X	
	TIC I	X		X		X	
	DEBUXO ARTÍSTICO I		X		X		X
	LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL	X		X		X	
	2ª LINGUA ESTRANXEIRA I						
	RELIXIÓN CATÓLICA		X		X		X
	ATENCIÓN EDUCATIVA		X		X		X

2º BACHARELATO		CIENCIAS E TECNOLOXÍA		HUMANIDADES		CIENCIAS SOCIAIS	
		LC	LG	LC	LG	LC	LG
	HISTORIA DE ESPAÑA		X		X		X
	HISTORIA DA FILOSOFÍA		X		X		X
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	X		X		X	
	LINGUA GALEGA E LITERATURA		X		X		X
	1ª LINGUA ESTRANXEIRA						
	MATEMÁTICAS II/MATE APLICADAS II/LATÍN II	X		X		X	
DE OPCIÓN DE MODALIDADE	FÍSICA		X				
	BIOLOXÍA		X				
	QUÍMICA	X					
	DEBUXO TÉCNICO II		X				
	XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS	X					
	TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA II	X					
	EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO			X		X	
	HISTORIA DA ARTE				X		X
	XEOGRAFÍA			X		X	
	GREGO II				X		X
OPTATIVAS	MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS		X		X		X
	PSICOLOXÍA	X		X		X	
	TIC II	X		X		X	
	XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA		X		X		X
	DEBUXO ARTÍSTICO II		X		X		X
	HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA	X		X		X	
	2ª LINGUA ESTRANXEIRA II						
	RELIXIÓN CATÓLICA		X		X		X
	ATENCIÓN EDUCATIVA		X		X		X

Capítulo II. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

Este apartado ten que ver coas medidas de carácter organizativo e curricular que o centro adopta nos casos de alumnado que presenta un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

Cando o alumnado é novo no centro educativo, partimos da información que se nos proporciona no centro adscrito ou naquel do que provén o propio alumno; a partir dese momento é posible xa facer unha organización das medidas precisas en caso de necesidade.

Un elemento importante na detección de necesidades é o titor/a, que a partir da avaliación inicial identificará as necesidades existentes e, xunto con Xefatura de Estudos, aplicará as medidas oportunas.

Obviamente pode ser necesario acudir ao Departamento de Orientación para que leve a cabo a pertinente avaliación psicopedagóxica.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades, empézanse a organizar os apoios, desdobres, ACIS, etc. contando co apoio en aula por parte dos profesores, así como o/os PT de que dispoña o centro educativo.

No caso de alumnado con NEE, o ensino desenvolverase na lingua materna.

Para o alumnado estranxeiro o propio Decreto de Plurilingüísmo, así como a *Orde do 20 de febreiro de 2004*, contemplan medidas específicas para este tipo de alumnado; falan concretamente dun Programa de adquisición de linguas ou de grupos de apoio de profesorado e alumnado que favorezan esta acollida; a realidade demóstranos que son medidas non sempre aplicables, posto que os recursos cos que contan os Centros son insuficientes para adoptar medidas excepcionais.

No IES Isaac Díaz Pardo, a maioría do alumnado ten como lingua materna e de uso habitual o castelán; hai que indicar así mesmo que unha porcentaxe importante de alumnado provén do estranxeiro, basicamente de países Suramericanos: Colombia, Uruguai, Arxentina, etc. e unha porcentaxe moito menos significativa ven de países do Leste de Europa.

Dada esta situación de partida e feitas as pertinentes valoracións unha vez pasadas as enquisas, somos conscientes de que o noso traballo xirará en torno a dous aspectos:

- Por un lado, e dado que o noso alumnado ten a lingua castelá como lingua habitual, que poida mantela para consolidar unha competencia plena nela e lograr que adquiren tamén unha competencia plena en lingua galega.

- Por outro lado, que o alumnado inmigrante adquira unha competencia plena nas dúas linguas, aínda que se tome como referencia de L1 o castelán como punto de partida.

Como obxectivo xeral, para todas as coxunturas que se nos presenten, pretendemos conseguir que o noso alumnado acade unha competencia plena en todas as linguas que se imparten no noso Centro.

As medidas específicas que se adoptan no noso centro educativo para acadar este ambicioso e necesario obxectivo son as seguintes:

- Organizar grupos de exención de Lingua Estranxeira en 1º e 2º de ESO.
- Facer desdobres nos cursos de linguas ata onde os recursos do centro o permitan.
- Procurar manter a oferta de dúas primeiras linguas estranxeiras.
- Intentar manter os grupos de 2ª lingua estranxeira.
- Organizar actividades que propicien a achega e o coñecemento da lingua galega nun contorno claramente favorable á utilización do castelán.
- Organizar actividades interdisciplinares que supoñan o emprego do maior número posible de linguas, conducindo ao alumnado a sentirse cómodos na súa utilización.
- Promover actividades complementarias e extraescolares que nos poñan en contacto coa cultura e a lingua galegas así como coas culturas das outras linguas que se imparten no centro.
- Cando é posible, organizar pequenos grupos de alumnado de acollida de alumnado estranxeiro coa finalidade de facilitarlles a aproximación ás linguas empregadas na nosa comunidade.
- Proporcionar ao alumnado exento da materia de Lingua Galega, material dos niveis CELGA 1 e CELGA 2, para que poidan acadar a competencia mínima en Lingua Galega, durante o periodo de exención de dous anos que por lei lles corresponde.

En definitiva, a intención é favorecer o plurilingüismo e a interculturalidade e establecer como prioridades no proceso de aprendizaxe tanto na ESO como no Bacharelato, que o coñecemento das linguas se faga dun xeito integrado, con idea de continuidade na aprendizaxe e co afán de impulsar o interese por outras linguas e culturas distintas da propia, nun contexto de respecto por esas mesmas linguas así como polas persoas que as falan.

Capítulo III. Procedementos para asegurar que o alumnado de Educación Secundaria de Adultos acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

Normalmente o alumnado que compón este tipo de ensino é aquel que por diversos motivos non acadou o título da ESO en réxime de ensino xeral e que fai un último intento por esta vía. É alumnado que procede do noso propio centro educativo, pero tamén doutros do propio concello ou mesmo de concellos limítrofes. Outro perfil de alumnado destas ensinanzas é aquel que ao non ter acadado a mencionada titulación no momento de ser estudante, accedeu ao mundo laboral, deixou de lado os estudos e volve a retomalos neste momento, sexa compaxinándoos co seu traballo, sexa que se atopan en situación de paro.

En todo caso, os grupos non son demasiado numerosos: entre 10 e 15 alumnos/as. O profesorado que imparte ámbito lingüístico atopa diferenzas importantes de nivel na aula á que se enfronta, pero coa particularidade de que unha porcentaxe do alumnado ten interese en aprender e, sobre todo, obter o título.

As medidas que o profesorado de ámbito lingüístico, que normalmente imparte LG e LC, adopta están destinadas a que o alumno acade unha competencia axeitada nas dúas linguas nas que traballa, finalidade á que se chega coas seguintes medidas:

- Valorar cal é a lingua que o alumnado domina mellor de partida para poder reforzar a outra. Tendo en conta a zona educativa na que traballamos, o normal é que a lingua máis coñecida ou L1 sexa o castelán e que sexa preciso reforzar a L2, ou sexa o galego.
- Traballar con documentos, arquivos sonoros, fragmentos de vídeos, redes sociais, música, etc. para conseguir que o alumno se familiarice coas dúas linguas.
- Reforzar a oralidade en lingua galega, dado que o contexto no que viven é máis favorable ao uso do castelán.
- Conseguiar transmitir que todas as linguas teñen un valor, que a aprendizaxe das mesmas é un punto positivo para quen as domina e que o feito de estudalas supón unha bagaxe con boa valoración de cara ao futuro.
- Procurar desmontar a idea de non prestixio social que ten a lingua galega, traballando con ela en contextos que contradigan ese prexuízo.
- Acceder a documentos literarios en ambas linguas para crear un marco de cultura xeral nas mesmas.
- Intentar facer algunha actividade extraescolar que supoña un reforzo na expresión ou na comprensión tanto oral como escrita fóra do ámbito da aula.
- Lograr que as catro destrezas das que falamos no tratamento das linguas en xeral, sexan acadadas polo grupo de alumnado que compón este tipo de ensinanza.

Capítulo IV. Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega

O noso centro presenta unha marcada tendencia á expresión en castelán tanto oral como escrita; observamos tamén que, sobre todo por parte do alumnado, existen certos prexuízos respecto á lingua galega, no sentido de que non ten unha consideración de lingua de prestixio; iso ocorre tamén respecto ás linguas estranxeiras, sendo a aprendizaxe do inglés a que ten a máis alta consideración.

Consecuentemente é importante que nas liñas de actuación respecto ao fomento da lingua galega se organice un plan de traballo con dúas vías de traballo:

1º. Intentar que o alumnado estea en contacto o mais posible coa lingua galega, sexa a nivel oral ou a nivel escrito, feito que é posible organizar a través das actividades propostas polo EDLG do centro.

2º. Intentar que a valoración que se fai da lingua galega non sexa a través de prexuízos preestablecidos senón que o alumnado sexa capaz de ver nela unha riqueza que hai que protexer, coidar e divulgar.

Para lograr que na conciencia colectiva en xeral, e na do noso centro educativo en particular, estas dúas propostas poidan ser interiorizadas, atenderemos a traballar os seguintes aspectos:

- Intentar proporcionar toda a información, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa lingua e a cultura galegas.
- O EDNL ofrecerá toda a colaboración precisa para que calquera documento poida ser elaborado en galego.
- Traballar para chegar a eliminar os prexuízos que poidan existir entre todos os colectivos que conviven no centro.
- Fomentar o interese polo coñecemento e o emprego da lingua galega.
- Organizar actividades que motiven ao alumnado a aprender, usar e valorar a lingua galega, procurando que estas sexan un divertimento.
- Participación activa no Plan Lector.
- Participación activa no Plan TIC.
- Facer visible e audible a nosa lingua en todos os contextos posibles como sinal de normalidade idiomática.
- Potenciar o emprego da lingua galega en todo tipo de actividades transversais do centro.
- Utilizar as outras linguas que se estudan no centro como pretexto e trampolín para que o alumnado vexa a importancia de coñecer diferentes linguas así como as culturas propias.

As actividades que propón o EDLG de cara a conseguir alcanzar tanto os obxectivos xerais como aqueles máis específicos son as seguintes:

SAMAÍN: Escollemos un personaxe que sexa o fío condutor das historias que contamos no transcurso da celebración: Lobishome, Santa Compañía, etc.

NADAL: faise un concurso que é o pretexto para decorar o centro; así mesmo o alumnado canta panxoliñas ou cancións relacionadas coa data en cada unha das linguas que se estudan no centro.

ENTROIDO: á marxe do concurso de disfraces (moi lúdico e atractivo para a comunidade educativa), expoñemos paneis informativos sobre esta celebración.

PREPARACIÓN E RODAXE DE CURTAS: baixo a coordinación do profesorado, un grupo de alumnado elabora curtametraxes con diferentes temáticas.

CORRELINGUA: a participación no propio Correlingua é habitual no noso centro; dependendo dos anos participamos nos distintos concursos que se convocan paralelamente á actividade: concurso de vídeo, de pancartas, do Manifesto...

EXPOSICIÓNS: sobre o autor/a homenaxeado nas Letras Galegas.

ROTEIROS LITERARIOS: organización de tres Roteiros Literarios: Pondaliano, Oteriano e Rosaliano.

INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO: preferentemente con un instituto do interior de Galicia, intentaremos que o alumnado dos dous centros manteña inicialmente correspondencia "postal" para cara finais de curso ter dúas xornadas de convivencia, unha en cada un dos institutos.

CALENDARIOS MENSUAIS: baixo a supervisión de varios compoñentes do EDLG, un grupo de alumnado elabora calendarios mensuais con fotos axeitadas aos mesmos e textos ou poemas do autor homenaxeado ese ano nas Letras Galegas. Os calendarios serán colocados en cada unha das aulas para uso de anotacións como exames, saídas, etc.

CONCURSO DE TRADUCIÓN: convócase este concurso para traballar con textos en diferentes linguas e facer a tradución ao galego.

BLOG: a idea é manter este medio de comunicación e contacto activo na medida do posible ao longo dos cursos.

LOGOTIPO: unha creación que fai visible ao Equipo de traballo, con deseño de alumnado do centro e ubicación en lugares estratéxicos do Instituto.

ANEXO I Currículo Integrado das Linguas.

Segundo Mercedes Queixas, *“para adquirir competencia lingüística, precisamos unha adecuada motivación para aprendela e unha exposición a esa lingua en cantidade e calidade”*.

“A mellora no dominio da propia lingua e daquelas outras que imos incorporando ao noso persoal arquivo biográfico lingüístico non é un proceso hermético nin estático, senón sempre activo, envolvente, transversal, e, en definitiva, vivo, como o noso propio ser”.

Hai tres piares fundamentais que colaboran nesta adquisición de competencia na lingua:

- A familia.
- A sociedade.
- A escola.

1. Criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas.

Os diferentes Departamentos lingüísticos que funcionan no noso Instituto, coa pretensión de unificar nomenclatura, metodoloxía e criterios de avaliación, chegaron aos seguintes acordos que se tratarán de respectar tendo en conta que hai aspectos de cada unha das linguas que teñen que funcionar de xeito independente dadas as características propias, tanto no que se refire á propia lingua en si, como á maneira na que se aborda a súa aprendizaxe.

Claramente as estratexias de adquisición dunha lingua, salvo a materna, así como os ámbitos de reflexión das mesmas, son comúns a todas elas.

Normalmente as linguas adquirense, compréndense e coñécense mellor na interacción cos demais pero nalgunhas linguas en concreto, o contacto cos textos escritos é fundamental.

A consideración da que partimos é atender e insistir nas catro destrezas básicas:

Comprensión oral.
Comprensión escrita.
Expresión oral.
Expresión escrita.

Consecuentemente á hora de impartir as clases, trabállanse regularmente estes catro aspectos.

A metodoloxía empregada sigue practicamente o libro de texto escollido por cada un dos departamentos; o esencial é que manexen as ferramentas gramaticais básicas, presentes no resto das linguas de referencia (maternas) e que simplemente as adecuen á lingua en proceso de aprendizaxe.

Por exemplo, se traballamos artigos, posesivos, pronomes, verbos, etc. podemos acudir ao referente da súa lingua materna para que o sitúen e a continuación empezamos a traballar estes termos na escrita. Finalmente cos termos e as estruturas aprendidas, facemos que o alumnado o aplique na lingua oral.

Se falamos de linguas estranxeiras, temos que matizar que os estándares de aprendizaxe son similares en todas elas, e como a intención é que a aprendizaxe sexa integral, non tanto desglosada en cada estándar como se pretende ultimamente, imos paulatinamente cara a adquisición dun todo que nos permita o manexo da lingua nos catro aspectos dos que xa falamos anteriormente.

2. Acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar.

Para facilitar a adquisición de determinados contidos consideramos que é útil acordar entre os Departamentos de lingua (basicamente entre Castelán e Galego) a nomenclatura nos campos da lingua: Fonética, Morfoloxía, Sintaxe e Semántica, acadar, digamos, e na medida do posible, unha terminoloxía homoxénea.

Sería pois importante ter en conta este criterio á hora da elección dos libros de texto.

Sentada esta base nas linguas de referencia, a aplicación no resto das linguas que se estudan ven case dada, xa que nas primeiras séntanse as bases para posteriores aprendizaxes.

3. Tratamento que se lles dará aos contidos.

É interesante prestar tamén atención á impartición dos contidos, posto que se pode traballar profundizando pero sen ser reiterativos:

- O mesmo contido traballado nas linguas de base, pode ter repartido o peso segundo a lingua na que se traballe; por exemplo, os tempos compostos do verbo pódense traballar mellor en castelán e iso servirá de base para o resto das linguas. Traballar cada contido en cada unha das linguas resulta enriquecedor, pero ao mellor a explicación detallada de cada un dos contidos non é preciso facela en todas e cada unha das linguas.

Dun xeito práctico, sería pertinente tratar os mesmos contidos nas diversas linguas e ademais dun xeito global, pero non resulta imprescindible facelo dunha maneira teórica en tódalas linguas. Para conseguilo sería importante distribuír os contidos que se van explicar de forma detallada en cada lingua, de xeito que unha poida atender máis a aspectos sintácticos, outra aos literarios, etc. Iso si, non debe haber variación no uso práctico na aula de cada un dos aspectos da lingua.

Así mesmo sería interesante tamén unha adecuación no tempo, é dicir, se se explica a pasiva, que se poida facer ao mesmo tempo no mesmo nivel e en tódalas linguas que o alumno estuda.

4. Criterios de avaliación.

A finalidade de toda lingua é o proceso comunicativo, polo tanto, e atendendo ao Marco común europeo de referencia, todo o profesorado de linguas debería traballar as 4 destrezas co seu alumnado, previa Avaliación Inicial, e sobre elas se establecería a base da avaliación en xeral, aínda que na expresión oral non sexa no aspecto no que resulte máis doado proceder a esa avaliación, dado o nº de alumnos/as por aula que a lei establece.

5. Estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas.

Unha vez reunidos os departamentos de linguas do noso centro, e vistos os estándares de aprendizaxe que se aplican en cada un dos Departamentos, acordamos unificar criterios posto que o obxectivo en cada unha das distintas linguas sería acadar un nivel 2 (Adquirido) dentro dos INDICADORES DE LOGRO en cada un dos catro bloques:

BLOQUE 1: Comprensión de Textos Oraís

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: expresión e interacción.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: expresión e interacción.

Obviamente o nivel 2 é o mínimo que nos propoñemos, pero seguramente unha porcentaxe considerable de alumnado acade un Nivel 3 (avanzado) ou mesmo un Nivel 4 (excelente).

É fundamental que todos os profesores/as que imparten linguas (e o resto do profesorado tamén), teñan respecto por cada unha das linguas que se ensinan de maneira que non se lle transmitan prexuízos ao alumnado. A idea que debe prevalecer é que cantas máis linguas se aprendan, mellor.

Parécenos interesante subliñar que , no traballo dentro da aula, a consecución dos obxectivos pódese ver reforzada utilizando materias diversos e propoñendo actividades que apoien o proceso de aprendizaxe: textos, audiovisuais, exposicións, etc.

Como a intención é unha aprendizaxe integral da lingua, os diferentes Departamentos propoñen tamén prestar atención á lectura de obras significativas de cada unha das materias, así como o traballo con soporte TIC para completar a formación do alumnado.

ANEXO II. Consideracións xerais sobre o contorno social e sociolingüístico. Valoración das enquisas .

1. Introducción.

O noso Proxecto Lingüístico é un documento no que recollemos todas as decisións en torno ao uso das linguas no noso centro educativo que pretende darlle coherencia ao seu tratamento. Constitúese como un plan de traballo que ten como finalidade acadar a mellora na competencia en comunicación lingüística a través das propostas dos diferentes departamentos didácticos e coa colaboración dos distintos sectores da comunidade educativa.

Trátase dun documento vivo, de reflexión e toma de decisións que inflúe en todos os contextos comunicativos do centro, que será revisado coa periodicidade que a Lei establece e ao que se pode acudir para verificar cales son as bases das que partimos á hora de planificar estratexias que nos conduzan ao obxectivo que pretendemos alcanzar. É tamén o documento que nos informa do punto do que partimos para establecermos as pautas de traballo para mellorar a intervención didáctica, a convivencia e a cohesión lingüísticas.

O proceso de elaboración do dito documento supón a reflexión compartida polo centro e a toma de decisións asumidas polo mesmo encamiñadas a abordar a aprendizaxe lingüística dunha maneira integrada e interdisciplinar en todas as áreas do currículo. Para iso tomamos unha primeira referencia no proxecto elaborado en xuño de 2016.

Nestes últimos anos o noso centro educativo vén afrontando unha situación lingüística máis diversa, complexa e rica; caracterizada por unha demanda de formación lingüística máis esixente, para un alumnado con perfís lingüísticos cada vez máis diversos, pero tamén resulta evidente que a presenza real da lingua propia de Galicia tanto como lingua inicial como lingua habitual é menor, situación que complica a adquisición da pretendida competencia lingüística en igualdade coa outra lingua oficial en Galicia.

Cómpre recordar que o noso sistema educativo ten o reto de asegurar o bilingüismo e de lograr persoas plurilingües, que teñan no seu perfil de saída a competencia suficiente para se comunicaren en galego e castelán, de forma axeitada e eficaz, en todos os ámbitos da vida e que se comuniquen de forma axeitada cando menos nunha primeira lingua estranxeira en situacións e ámbitos persoais, sociais e académicos.

Durante o curso escolar 2019-20, e coa idea de elaborar un novo Proxecto Lingüístico que nos permita volver a valorar cal é a situación de partida de todos os sectores da comunidade educativa a respecto do uso das diferentes linguas que se estudan no centro e do galego en concreto, elaboramos unhas enquisas destinadas ao alumnado, familias e profesorado que serán a base para unha

nova reflexión e que nos permitirán extraer as pertinentes conclusións sobre a situación actual posibilitando incidir nos puntos febles que detectemos.

2. Reflexións previas.

As linguas non existen sen a xente que as fala, e a historia dunha lingua é a historia dos seus falantes. Estamos ante a concepción

O mundo é plurilingüe, iso fai que as linguas estean constantemente en contacto. O marco destes contactos pode ser o individuo ou a comunidade.

¿Existe conflito lingüístico en Galicia, en Sada, no noso centro educativo?
¿Que futuro queremos para o galego? social da lingua.

Existe todo un conxunto de actitudes, de sentimentos dos falantes fronte ás linguas, e fronte a aqueles que as utilizan que teñen consecuencias sobre o comportamento lingüístico.

Os prexuízos lingüísticos conducen aos individuos a menosprezar a súa propia fala ou tamén aos seus falantes.

A globalización, o transnacionalismo, a cultura de masas... lévannos a un único espazo pluridimensional, con múltiples conexións entre distintos compoñentes de diferente nivel, conexións que configuran distintos tipos de redes. Estas mudanzas están a configurar un cambio das condicións de existencia das linguas (ecosistema lingüístico) que sen dúbida van afectar as perspectivas do idioma galego.

O futuro, ¿pasa por un bilingüismo “compensado”, un bilingüismo que permita o equilibrio das linguas en contacto?

As linguas non oficiais, aínda sendo historicamente propias dun pobo, (linguas minorizadas) sofren a competencia doutra lingua allea (asumida polo estado como oficial) e que constitúe unha ameaza para a súa sobrevivencia.

O bilingüismo é un fenómeno individual que consiste no emprego non condicionado de dúas linguas nunha situación de inexistencia de conflito lingüístico.

A diglosia é un concepto aplicable a situacións de dualidade lingüística na que a convivencia idiomática é conflitiva: hai unha lingua dominante e outra dominada en función dos usos, oficialización, normalización...

Cómpre non perder de vista a historia do galego xa que hai uns séculos de opresión sobre a nosa lingua e de imposición doutra que non conseguiron acabar co galego, aínda que si conseguiron o seu desprestixio social e a perda de importantes usos así como tamén cortar a súa evolución.

Lembremos a historia da lingua, a expresión oral, o pobo, o rexurdimento e a necesidade de establecer unha norma común, estender os seus usos e vencer os prexuízos e complexos. Os vellos son os protagonistas, tamén nestes momentos. Durarán sempre?

A problemática lingüística é unha cuestión social, cultural e política. Un desafío para a cidadanía, para a comunidade educativa.

A situación do galego é complexa, as solucións non son doadas e presentan certos problemas. É certo que algúns veñen herdados da súa historia, pero outros son consecuencia de erros acumulados nestes últimos tempos:

- As disputas normativas.
- Exclusivismo sectario e identificación da lingua cunha ideoloxía determinada.

- Denuncias e pesimismo. Non se salientaron nunca os avances.
- Como os prexuízos lingüísticos se trasladan tamén aos seus falantes.

Pero debemos recuperar a convicción da necesidade de partir do propio para chegar ao universalismo do multiculturalismo.

As campañas de normalización lingüística foron mal planificadas? Rematou o proceso de normalización da nosa lingua propia? Trátase dun proceso inacabado? Como podemos contribuír?

Cales son os obxectivos que pretendemos coa normalización lingüística: monolingüismo, ou bilingüismo “harmónico”? Existen outros camiños? Coinciden cos obxectivos que fixamos no proxecto lingüístico do centro?

Destaquemos a importancia da lingua inicial ou materna, e actuemos en consecuencia.

Despois de tantos anos de normalización lingüística: cal é a situación da lingua galega no noso centro educativo?

3. Evolución da lingua galega no conxunto de Galicia.

A partir dos datos do mapa sociolingüístico de Galicia (RAG, 1992) e dos estudos do Instituto Galego de Estatística (IGE, 2013) e do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS, 2016).

Consideramos que resulta especialmente interesante coñecer a evolución da lingua galega no conxunto de Galicia nestes últimos anos para posteriormente analizados os datos recollidos no noso centro poidamos comprobar se se están a manifestar ou non as tendencias xerais.

Os datos tirados do MSG (RAG, 1992) indican que:

- A lingua inicial de máis da metade dos galegos é a lingua propia, e unha persoa de cada seis é bilingüe inicial.
- Os novos falantes poden adquirir ambas as dúas simultaneamente.
- Tres de cada cinco galegos son máis ben galego falantes.
- A inmensa maioría dos galegos declara entender o galego.
- Dous terzos aseguran saber falalo fluidamente.
- Algo máis da metade declara saber lelo.
- Menos dun terzo se declara competente para escribilo.
- De todos os xeitos, en xeral, o galego fálase máis no rural, por parte das persoas con profesións menos cualificadas e con menor nivel de estudos.
- A partir do tramo (26 a 35 anos) a caída do galego como lingua inicial fréase.

25 anos despois, os datos do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) de 2016 amosan como a lingua materna do 44,7% das persoas de 18 ou máis anos era o galego, fronte ao 30,7% que din ter o castelán e o 23,6% que teñen

ambas. Coincide cos últimos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) en 2013, que inclúe toda a cidadanía de 15 ou máis anos, con porcentaxes do 43% para a lingua propia, 30% para o castelán e 25% en ambas. Máis de dúas décadas antes, en 1992, o galego era a lingua inicial para o 62% dos galegos maiores de 15 anos, polo 26% que tiña o castelán e o 11% que tiraba de ambos. O avance no bilingüismo non impediu que a lingua propia seguise o seu retroceso. A tendencia indica, tal e como advirte a RAG, que o galego tan só é a lingua inicial do 40% da poboación a tal hora.

A principios dos 90, o galego era a lingua inicial para o 62% das persoas maiores de 15 anos; 20 anos despois éo só para o 43%. Ademais, como sinala tamén a Academia, de ter en conta a poboación máis nova -desde os 5 anos- e deténdonos nos 65, o idioma inicial maioritario xa é o castelán (do 38%), fronte ao 34% que teñen o galego e o 28% os dous. Alén disto, outra enquisa do IGE de 2013 sinalara que tan só o 18,35% dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos aprenderan a falar só en galego, cun rápido descenso dende o 32,43% de 2003. O 45,49% comezara a falar en castelán e un 31,46% nos dous idiomas por igual.

As consecuencias, xa que logo, son obvias de ter en conta os últimos datos sobre o uso do galego. Sitúase en arredor do 20% entre a poboación de 5 a 9 anos, de menos do 30% na franxa de 10 a 14 e do 30% na que vai dos 15 aos 19. Como lembra o informe da RAG, "máis do 75% da poboación galega de máis de 75 anos fala maioritariamente na lingua propia de Galicia, porcentaxe que diminúe ao 30% ou menos nos menores de 20 anos, é dicir, unha diferenza de 45 puntos porcentuais".

Os datos non fan máis que reflectir o "aparente paradoxo" do que advirte a Academia, xa que, mentres por unha banda nos últimos anos houbo "unha mellora das competencias bilingües" entre a cidadanía galega, pola outra tamén houbo "unha ruptura da transmisión interxeracional e uns usos decrecentes do galego por parte da poboación máis nova, especialmente en contextos urbanos e periurbanos".

4. Situación da lingua galega no sector do alumnado.

No mes de novembro de 2019 aplicámoslles a 500 alumnos e alumnas do IES Isaac Díaz Pardo de Sada, con idades comprendidas entre os 11 e os 19 anos, o modelo de enquisa "Análise sociolingüística" para obtermos datos actualizados referentes á situación da lingua galega no alumnado do noso centro educativo.

En principio consideramos os datos máis relevantes aqueles que fan referencia á lingua inicial ou materna do alumnado e a súa posible relación co lugar de nacemento; á lingua habitual nas diferentes situacións comunicativas; á competencia lingüística do alumnado, e tamén a aqueles datos que nos proporcionen información sobre as actitudes cara á lingua. Actitudes que en certa medida poderán explicar por que razóns os individuos aínda tendo competencia lingüística en lingua galega non fan uso dela habitualmente. Ademais, deste xeito poderemos comprobar se a pretendida normalización lingüística se está a levar a cabo ou non e tamén en que medida se están a cumprir os obxectivos do

proxecto educativo do centro. En calquera caso pretendemos obter datos para tirar conclusións que nos expliquen a situación da lingua galega no noso centro e establecer as medidas necesarias que nos axuden a acadar os nosos obxectivos.

Hábitat.


O hábitat adoita ser un factor importante na determinación da lingua inicial. No Mapa Sociolingüístico de Galicia (RAG, 1992), con máis de 38.000 entrevistados, demóstrase que canto máis urbano é o hábitat, máis predomina o castelán como lingua inicial ou materna. Pola contra, canto máis rural, máis presenza de galegofalantes iniciais. Os datos do Instituto Galego de Estatística que se recollen na Enquisa de Calidade de Vida das Familias Galegas do ano 2013, con algo máis de 18.000 entrevistados, demostran de igual xeito esa tendencia.

No caso das vilas, como é neste caso Sada, o lugar de nacemento da maior parte dos entrevistados, a incidencia de bilingües iniciais debería ser maior que en calquera outro ámbito.

No noso centro, con case o 100% do alumnado entrevistado, os datos son os seguintes:

LUGAR DE NACEMENTO				
RURAL	VILA	URBANO	FÓRA DE GALICIA	FÓRA DE ESPAÑA
93	268	65	13	61

Incluímos dentro do hábitat rural a aqueles entrevistados que manifestaron que naceron en calquera das parroquias rurais do concello, no hábitat vila aos nados no centro urbano de Sada e no urbano a aqueles que manifestaron que naceron en calquera das cidades de Galicia.



En principio, e tendo en conta as reflexións iniciais e a tendencia que marcan os estudos estatísticos xerais, o feito de que a meirande parte do alumnado teña nacido nunha vila (54% + 19% = 73%) podería ser alentador en canto á porcentaxe que terían o galego como lingua inicial ou materna, ou o galego e o castelán (as dúas por igual), xa que a tendencia nos indica que nas poboacións pequenas maioritariamente aprenden a falar en galego e nas vilas intermedias os que aprenden a falar en galego, aínda que non en tanta porcentaxe, seguen a ser o grupo máis numeroso.


Lingua inicial ou materna.

É aquela á que o individuo está exposto desde o nacemento, a lingua que primeiro adquire, habitualmente no seo da familia. A súa característica máis salientable é que se aprende espontaneamente na interacción cotiá, a través da conversa.

Segundo a RAG, os datos do CIS de 2016 amosan que o galego é a lingua materna do 44,7% das persoas de 18 ou máis anos, fronte ao 30,7% que teñen como lingua inicial o castelán ou o 23,6% con ambas. Pero se na análise se ten en conta a poboación máis nova, desde os 5 anos, e se detén nos 65, a lingua inicial maioritaria empeza a ser o castelán (38% fronte ao 34% do galego e o 28 % de ambas as dúas), que é tamén o idioma que emprega habitualmente unha maior proporción nesta ampla franxa de idade que conta coas xeracións máis novas.

Os resultados das enquisas cubertas polo noso alumnado en canto á lingua inicial ou materna son os seguintes:

DISTRIBUCIÓN DA LINGUA INICIAL DO ALUMNADO			
GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS POR IGUAL	OUTRA
14	365	97	24



Os datos obtidos son desalentadores en canto á presenza do galego como lingua inicial ou materna xa que soamente o 3% do alumnado manifesta que foi a lingua propia de Galicia a que primeiro adquiriu e soamente un 19% manifesta que as dúas por igual. Sumando ambas as dúas porcentaxes estamos ante o 22% do alumnado que aprendeu a falar galego no seo familiar. Son datos que confirman de xeito máis alarmista que os xerais para o conxunto de Galicia da perda de galegofalantes iniciais, o cal incidirá de maneira negativa na porcentaxe de alumnos e alumnas que teñan o galego como lingua habitual e tamén nunha menor competencia lingüística.

Chama a atención que exista unha maior porcentaxe de alumnado que ten como lingua materna outra lingua diferente ao castelán e ao galego (5%). A razón atopámola na presenza cada vez maior de alumnado procedente doutras comunidades autónomas con linguas diferentes ao castelán (Valencia e Cataluña) e de países con lingua distintas ao castelán.

Observamos polo tanto como as xeracións máis novas están xa protagonizando un proceso acelerado de monolingüización en castelán a un ritmo máis rápido do que se prevía anteriormente.

Os datos obtidos en canto á lingua inicial ou materna coinciden basicamente con aqueles tirados da pregunta

Onde aprendiches a falar galego?			
Na familia	Na escola	Coas persoas próximas	Outro
54	389	57	-

Segundo estes datos, semella que a recuperación do idioma galego é tarefa unicamente do ensino, que regulamentado por un Decreto de mínimos se atopa nunha situación de normalidade de pantalla soamente, cando, na vida cotiá, percibimos cada vez con máis nitidez un sistemático avance da lingua castelá como lingua de instalación entre os galegos e galegas, tal e como demostran os datos anteriores.

Está claro que a escola é un lugar privilexiado para o proceso de recuperación social da lingua galega ao estar determinado pola súa contribución á consecución de tres obxectivos fundamentais para ese proceso:

1. Dotar ó alumnado de competencia lingüística plena en galego.
2. Dotar ó alumnado de actitudes favorables para a lingua galega e para o seu proceso de recuperación social.
3. Adquirir usos lingüísticos a prol da lingua galega.

Pero este papel de axente practicamente único que á educación se lle outorgou na cuestión normalizadora relaxou o papel importantísimo que deben xogar a familia e o medio circundante. É preciso, pois, contemplar medidas normalizadoras para todos e cada un dos ámbitos da vida social dos galegos e das galegas se o que pretendemos é reverter os datos que estamos a ofrecer.

Lingua habitual.

A lingua habitual é a que cada persoa fala con máis frecuencia na súa vida diaria. Se analizamos a lingua habitual segundo a idade do falante, podemos facernos unha idea da tendencia social que existe en relación co uso do galego, é dicir, cal pode ser o seu futuro se as cousas non mudan.

Segundo os datos xerais achegados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) podemos ver como son as xeracións maiores as que falan máis galego. Observamos ademais que a regra xeral é que canto máis novos son os suxeitos, aumenta a proporción de falantes monolingües en castelán e descende a de monolingües en galego. Os grupos dos bilingües compórtanse do seguinte xeito: o grupo dos que falan máis galego aumenta en todos os tramos de idade agás no dos máis vellos, e o dos que falan máis castelán, aumentan entre os máis novos.

Os datos demostran claramente que o grupo que crece proporcionalmente máis é o dos monolingües en castelán. O dato máis negativo para o galego é a forte baixada dos bilingües con predominancia do galego.

Pese a que, efectivamente, debemos constatar un descenso importante entre os falantes de galego co conseguinte aumento dos falantes de castelán, parece que se tende cara a unha certa estabilidade, é dicir, dá a sensación de

que nos grupos de idade máis novos cada vez se perden menos falantes de galego.

Tendo en conta os datos globais de Galicia, comparemos agora a situación cos datos obtidos no noso centro. Obsérvese que distinguimos varias situacións comunicativas determinadas polos seus interlocutores.

	Que lingua falas habitualmente?					
	Só galego	Máis galego que castelán	As dúas por igual	Máis castelán que galego	Só castelán	Outra
Cos avós	38	69	88	140	134	31
Cos pais	7	21	30	90	332	20
Cos compañeiros	-	-	10	80	410	-
Cos amigos	-	-	15	85	400	-
Co profesorado fóra das clases	5	15	110	125	245	-

Debemos salientar que as situacións comunicativas máis frecuentes do alumnado e as máis determinantes á hora de establecer cal é a súa lingua habitual probablemente sexan as que se producen cos compañeiros e cos amigos. En ningún caso dos 500 entrevistados se decantan polo valor “só galego” ou “máis galego que castelán”. Soamente 10 e 15, respectivamente, escollen o valor “as dúas por igual”, o que representa un 2% e un 3% respectivamente.

O valor “só galego” presenta a maior porcentaxe (7,6%) cando falan cos seus avós, valor que diminúe ata un 1,4% cando se trata dos pais e a un 1% no caso do profesorado.

Se lles sumamos tamén o valor “máis galego que castelán” os datos melloran, pero pouco significativamente: cos avós 21,4%, cos pais 5,6% e co profesorado 4%.

O valor “só castelán” é de largo o que presenta maior porcentaxe, agás no caso dos avós que se decantarían por pouca marxe polo valor “máis castelán que galego”.


Se agrupamos os distintos valores en tres os resultados en porcentaxe serían os seguintes:

	En que lingua falas habitualmente?		
	Só galego Máis galego que castelán	As dúas por igual	Máis castelán que galego Só castelán
Cos avós	21,4%	17,6%	54,8%
Cos pais	5,6%	6%	84,4%
Cos compañeiros	-	2%	98%
Cos amigos	-	3%	97%
Co profesorado fóra das clases	4%	22%	74%

Calculando as porcentaxes medias de cada un dos valores aproximámonos con fidelidade ao seguinte resultado, desalentador para a situación da lingua propia de Galicia e que deberá determinar en grande medida calquera proxecto lingüístico que teña como un dos seus obxectivos claros acadar un aumento da presenza do galego como lingua habitual, o cal é o primeiro paso para conseguir unha boa competencia lingüística en galego e así acadar o obxectivo xeral que non debe ser outro que o alumnado ao finalizar os seus estudos obrigatorios deberá ter a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia e unha boa competencia noutra lingua estranxeira.




Na gráfica xeral pódense observar de maneira nidia os datos completos que poñen de manifesto que o castelán é a lingua de uso habitual entre o alumnado en todas as situacións comunicativas.



Segundo os datos recollidos nas enquisas realizadas polo alumnado, hai 62 pais que usan habitualmente o galego para falaren entre si, o cal representa o 12,4% das familias, diminuindo esta cantidade ata 40 (8%) cando os proxenitores falan cos fillos.

O número de pais que se relacionan entre si noutra lingua diferente ao galego e ao castelán é de 18 (3,6%), diminuindo ata 11 cando falan cos seus fillos, diminución que se suma ao uso do castelán con estes.

En que lingua falan...?	Os teus pais entre si	Os teus pais contigo
galego	62	40
castelán	420	449
outra	18	11



É interesante saber tamén os comportamentos do alumnado en situacións comunicativas con persoas que non coñecen e ademais para observarmos en que medida a lingua dos interlocutores inflúe á hora de empregar unha ou outra lingua. Para analizar isto fixéronselles tres preguntas. Estes son os resultados:

Pregunta	Galego	Castelán
Cando te dirixes a alguén que non coñeces, que lingua falas?	8 (1,6%)	482 (98,4%)
Cando alguén se dirixe a ti en galego, en que lingua contestas?	327 (65,4%)	173 (34,6%)
Cando alguén se dirixe a ti en castelán, en que lingua contestas?	3 (0,6%)	497 (99,4%)

Estes datos poñen de manifesto que o reducido grupo de alumnado que se declara galegofalantes habituais, en situacións comunicativas con persoas que non coñecen mudan a súa lingua ao castelán.

Practicamente a totalidade do alumnado (99,4%) emprega o castelán se o seu interlocutor fala nesa lingua. Non acontece o mesmo no caso do galego xa que a porcentaxe diminuíría ata un 65,4%.

O ensino é quizais o eido máis importante dentro do proceso de normalización lingüística que, despois da Lei de normalización lingüística do 1983, aínda non concluíu. É máis, logo duns anos nos que a diminución de galegofalantes habituais no sector dos máis novos se foi estabilizando, dende o ano 2010 (segundo os datos referidos nas reflexións iniciais) a escola non está a contribuír en tanta medida como cabería esperar.

	Galego	As dúas por igual	Castelán
En que lingua aprendiches a ler e a escribir?	3 (0,6%)	185 (37%)	312 (62,4%)

Os datos recollidos no noso centro poñen de manifesto que os obxectivos marcados por lei non se conseguen xa que o alumnado, maioritariamente (62,4%), manifesta ter aprendido a ler e a escribir en castelán fronte a un 0,6% que o fixo en galego.

A perda de galegofalantes habituais terá nesta circunstancia unha das súas causas?

Influirá este aspecto en que o alumnado empregue case na súa totalidade o castelán como lingua de lectura e escrita habitual no tempo de lecer fóra das “obrigas” académicas? Os resultados no noso centro educativo a este respecto son contundentes:

	Galego	Castelán
As lecturas que fas habitualmente fóra do instituto están escritas maioritariamente en?	17 (3,4%)	483 (96,6%)
Os escritos que fas fóra do traballo escolar están maioritariamente en?	15 (3%)	485 (97%)

Competencia lingüística.

A competencia lingüística vén determinada basicamente polas destrezas de entender, falar, ler e escribir. A lingua galega, logo do Estatuto de Autonomía (1981) e a Lei de normalización lingüística (1983) entrou nun proceso de recoñecemento e promoción, centrado fundamentalmente no contexto escolar e na mellora das competencias lingüísticas.

Segundo os datos do IGE (2013), o 96% da poboación declara entender o galego, o 87% falalo, un 85% lelo e un 60% escribilo. Isto significa que a maioría dos galegos e galegas teñen capacidade suficiente en lingua galega.


É comprensible que cando falamos das actividades lectora ou escrita as porcentaxes baixen xa que este tipo de actividades se aprendían e se aprenden fundamentalmente na escola e a escolarización en galego non se produce ata os anos 80 do pasado século. É precisamente por esa circunstancia pola que as habilidades en lectura e escrita en galego dende os datos dos anos noventa evolucionaron positivamente xa que a porcentaxe de persoas con competencia efectiva para ler en galego aumentou case 40 puntos e trinta para escribir. Isto revela a importancia da escola na adquisición de competencias.

Agora ben, para falar un idioma non só cómpre ter a competencia para falar esa lingua, senón que ademais hai que ter a motivación e a oportunidade de facelo.

Interésanos coñecer a percepción que o alumnado ten do nivel de competencia nas catro destrezas básicas, tanto en galego como en castelán. A diferenza que poida existir entre unha e outra pode determinar en certa medida que o alumnado se sinta máis ou menos seguro á hora de empregar o galego como lingua habitual, ou cando menos en igualdade co castelán, aspectos que como vimos anteriormente están moi lonxe de se cumprir.

	Cal é o teu dominio do galego?				
	Moito	Bastante	Regular	Pouco	Nada
ENTENDER	222 (44,4%)	237 (47,4%)	37 (7,4%)	4 (0,8%)	-
FALAR	89 (17,8%)	229 (45,8%)	140 (28%)	36 (7,2%)	6 (1,2%)
LER	210 (42%)	199 (39,8%)	65 (13%)	21 (4,2%)	5 (1%)
ESCRIBIR	104 (20,8%)	230 (46%)	137 (27,4%)	22 (4,4%)	7 (1,4%)

	Cal é o teu dominio do castelán?				
	Moito	Bastante	Regular	Pouco	Nada
ENTENDER	420 (84%)	62 (12,4%)	18 (3,6%)	-	-
FALAR	443 (88,6%)	52 (10,4%)	5 (1%)	-	-
LER	425 (85%)	62 (12,4%)	13 (2,6%)	-	-
ESCRIBIR	382 (76,4%)	93 (18,6%)	25 (5%)	-	-



Se sumamos os valores “moito” e “bastante”, case o 92% do alumnado manifesta que entende o galego e algo máis dun 7% escolle o valor “regular”.


Máis do 63% percibe que ten “moita” ou “bastante” competencia para falalo, mentres que un 28% escolle o valor “regular”. Tan só un 8,4% manifesta ter pouca ou nula competencia para falar a lingua galega.

Case un 82% manifesta ter moita ou bastante competencia lingüística para ler en galego, sendo un 13% os que se autoperciben co valor “regular”.


No caso da escrita, algo máis do 66% manifesta ter “moita” ou “bastante” competencia e un 27,4% elixen o valor “regular”.

Chama a atención que a destreza que presenta unha porcentaxe menor no valor “moito” sexa falar cun 17,8% fronte ao 20,8% de escribir e 42% de ler. A razón é que as destrezas de ler e escribir son adquiridas na escola e constitúense como destrezas básicas para a aprendizaxe, mentres que a de falar non se lle presta tanta importancia, ben polas escasas actividades de expresión oral que se desenvolven normalmente nas aulas, ben polo incumprimento da obriga de se expresaren en lingua galega nas materias específicas e tamén porque non é a lingua inicial ou materna, nin tampouco a do entorno social no que se desenvolven.


Se sumamos os valores “moito” e “bastante” en cada unha das destrezas básicas que determinan a competencia lingüística sería útil para poder comparar os datos obtidos no noso centro cos obtidos polo IGE no 2013.



Obsérvase claramente como nas destrezas de entender e ler os datos practicamente coinciden (hai que ter en conta que na enquisa do IGE só establecían os valores “moito”, “bastante”, “pouco” e “nada”). Significativo é o descenso de case 24 puntos no caso de “falar”, malia o dito anteriormente. O feito de estar case sete puntos por enriba da media en Galicia da destreza de “escribir” é debido a que a totalidade da mostra do noso centro educativo se corresponde con alumnos e alumnas escolarizadas dende a educación infantil.



O primeiro que chama a atención é que non hai nin un só alumno que considere que ten pouca ou nula capacidade en calquera das catro destrezas que miden a competencia lingüística. Ademais, en todos os casos unha amplísima maioría manifesta ter moita competencia en todas as destrezas. Todos superan o 80 %, agás o referido á expresión escrita (76,4 %).




Establecemos agora unha comparativa entre a percepción que ten o alumnado da súa competencia lingüística tanto en galego como en castelán, para iso utilizamos unha escala de 0 a 4 na que o valor 2 sería o punto intermedio.

Como ben pode observarse o castelán obtén unha valoración significativamente máis alta ca o galego en todas as destrezas, sendo a diferenza maior na expresión oral e na escrita. En todos os casos a valoración do castelán supera o 3,7 mentres que no caso galego a máis alta é de 3,35, a correspondente á capacidade de entender a lingua propia de Galicia.

Se a pregunta que se lles formula é en que lingua se senten máis seguros á hora de expresarse oralmente e por escrito e na lingua de lectura, como se supoñía os resultados van na mesma liña que a percepción que teñen sobre a súa competencia nunha e noutra lingua, razón ademais que utilizan en moitos casos para xustificar a non utilización da lingua galega en situacións comunicativas nas que incluso os seus interlocutores a empreguen. Con todo, se sumamos os valores de galego e as dúas por igual sitúanse nun 19% no caso de falar, case nun 25% no de escribir e nun 33,8% cando se trata de ler. Hai unha certa correspondencia destes datos cos de lingua habitual xa que no caso desta se sumamos as porcentaxes de alumnado que usa só o galego ou máis galego ca castelán e as dúas por igual sumaría un 16%; no caso de que o galego sexa a lingua na que se senten máis seguros, o 19% (sumando galego e as dúas por igual).

Non sabemos se existe un 3% do alumnado que aínda sentíndose máis cómodo falando galego non o usa por prexuízos.



Actitudes cara a lingua galega.

Os datos estannos a demostrar que a presenza do galego está a diminuír entre os máis novos. Sen dúbida a perda da transmisión interxeracional do galego inflúe notoriamente nesta diminución. Aínda que en menor medida que no caso do castelán, o alumnado considérase suficientemente competente para empregar o galego, porén non o utiliza. Iso pon de manifesto a presenza dunha serie de prexuízos lingüísticos que motivan actitudes negativas cara á lingua.

En termos xerais fálase da identificación do galego co mundo dos vellos, dos ignorantes, do mundo rural... Tamén se alude á utilidade do idioma galego. A consideración do galego como lingua propia de Galicia e como sinal de identidade tampouco é asumida por todo o alumnado.



Por outra banda menciónase o estigma negativo de “ghañán” a aqueles que falan galego con trazos característicos da súa área lingüística ou os que non se axustan á lingua normativa e que polo tanto aprenderon o galego no entorno familiar. De todos os xeitos estes procesos de identificación negativa sempre se refire á mocidade en xeral, xa que en Sada, entre os máis novos, non se reproducen trazos lingüísticos característica desta área lingüística como son a “gheada” e o “seseo implosivo”, fenómenos lingüísticos que si se dan nos máis vellos que utilizan só ou máis galego que castelán e que (xa só por razóns de idade e sistema escolar) aprenderon o galego a través da transmisión interxeracional.

No caso de compañeiros que toman a decisión de falar galego normativo, o estigma que usan é o de “nacionalistas”. Identifican o cambio ao galego con motivos ideolóxicos.


Ante estas actitudes negativas cara ao uso do galego, os poucos falantes retráense e vanse relacionando cada vez máis en castelán. O centro educativo vén a significarse como un elemento castelanzador máis, como pode ser o cambio dun hábitat rural a un urbano. Considérese que Sada é unha vila que se atopa na área de influencia da Coruña, área (xunto con Vigo e Ferrol) que presenta as porcentaxes máis baixas en canto ao número de galegofalantes.



Malia que a maioría do alumnado considera que saber galego ten moita utilidade, é moi significativa a porcentaxe dos que consideran que ten pouca (34%) ou nula (3%).



O dato preocupante e que nos debe facer reflexionar xa non é que exista unha porcentaxe de alumnado significativa (21,6%) que considere que o obxectivo de acadar a mesma competencia lingüística en galego e castelán ao finalizar os estudos obrigatorios non é importante. Aínda que coherente e relacionado coa percepción da competencia lingüística que eles e elas teñen en galego e castelán e tamén en relación á lingua na que se senten máis seguros, o dato realmente preocupante é que o 62% do alumnado considera que a igualdade pretendida non se está a acadar. Isto respaldaría tamén e unha vez máis a existencia do prexuízo de que non falan en galego porque non se senten seguros.



Conclusións.


- Considerando todo o termo municipal de Sada como un hábitat de vila, o 73% do alumnado naceu no seo dunha familia asentada nese hábitat, o cal pode facernos supoñer unha presenza do galego como lingua inicial ou materna bastante significativa e unha clara tendencia ao bilingüismo, indicado este cos valores de máis galego ou as dúas por igual.
- Tan só un 3% do alumnado ten o galego como lingua inicial ou materna (por debaixo incluso do conxunto doutras linguas distintas ao galego e o castelán, 5%). O 19% do alumnado manifesta ter as dúas linguas por igual como lingua inicial ou materna. Sumando estas dúas porcentaxes situámonos nun 22%, porcentaxe significativamente inferior á media galega.
- O 73% do alumnado ten o castelán como lingua inicial ou materna. Se a esta porcentaxe lle sumamos o valor “as dúas por igual” chegamos a un 92%.
- O 78% do alumnado aprendeu a falar galego na escola. A transmisión interxeracional do galego estase perdendo e o sistema educativo é practicamente o único axente galeguizador.
- O castelán constitúese como a lingua habitual do alumnado en todas as situacións comunicativas. O valor máis alto para o galego acádase cando os avós son os interlocutores: 21,4% (só galego ou máis galego), 17,6% (as dúas por igual). No caso de que os compañeiros e os amigos sexan os seus interlocutores, o valor máis castelán ou só castelán alcanza o 98% do alumnado.
- Un 12,4% dos pais/nais do alumnado falan en galego entre si, non obstante esa porcentaxe diminúe en máis de catro puntos cando se dirixen aos seus fillos.
- O reducido número de alumnos e alumnas que declaran ser galegofalantes habituais, en situacións comunicativas con persoas que non coñecen mudan a súa lingua ao castelán. Un 34% do alumnado contesta en castelán aínda que se dirixan a eles en galego. O 100% contestan en castelán cando se dirixen a eles en castelán.
- Máis do 62% do alumnado declara ter aprendido a ler e escribir en castelán. Un 37% nas dúas e un 0,6% en galego.
- Tan só un 3% do alumnado manifesta que as lecturas e os escritos que realiza fóra das tarefas escolares están en lingua galega.
- O 92% do alumnado manifesta que entende o galego; un 64% que ten suficiente competencia lingüística para falalo, un 82% para lelo e un 67% para escribilo. Pola contra, declaran ter máis competencia en castelán.

- Malia que unha porcentaxe significativa se declara con competencia suficiente para falar galego non o fai pola existencia de prexuízos lingüísticos que motivan actitudes negativas cara á lingua galega. Identificación do galego co vello, coa aldea, cos “ghañáns”, coa escasa utilidade... son os máis frecuentes.
- Hai unha porcentaxe significativa (21,6%) que considera que o obxectivo de acadar a mesma competencia lingüística nas dúas linguas oficiais ao finalizar os estudos non é importante.
- Un 62% do alumnado considera que ao finalizar os estudos non acadan a igualdade de competencia entre o galego e o castelán, saíndo favorecido o castelán, obviamente.

5. Situación da lingua galega no sector do profesorado.

De igual xeito que para os demais sectores da comunidade educativa, elaboramos unha sinxela enquisa para coñecermos os principais datos acerca da situación sociolingüística do profesorado e a súa opinión sobre os aspectos máis relevantes a ter en conta á hora de deseñarmos a planificación lingüística.

Cubriron a enquisa o 74% do profesorado. Trátase dunha porcentaxe moi significativa tendo en conta o número de profesores e profesoras interinos e substitutos que neses momentos formaban parte do claustro.



Como ben podemos observar na gráfica o 78% do profesorado está nunha banda de idade entre os 40 e os 65 anos, sendo o grupo máis numeroso o de 50 a 65 anos, se ben non hai nestes momentos ningún profesora ou profesora de máis de 60 anos. Trátase dun cadro de persoal, polo tanto, con experiencia no desenvolvemento da súa profesión e adaptado aos principios didácticos que rexen o actual modelo de ensinanza-aprendizaxe.

Por outra banda, non consideramos necesario facer referencia ao hábitat de procedencia nin ao sexo, ao non considerar estes datos de relevancia para o cuestionario elaborado, cuestionario diferente para cada sector.

Para coñecermos os datos referidos á **lingua habitual do profesorado** deseñamos varias preguntas, as dúas primeiras referidas á lingua que emprega cada profesor habitualmente fóra do contorno educativo, e no centro educativo.


Que lingua empregas habitualmente fóra do contorno educativo?				
Só castelán	Máis castelán	As dúas por igual	Máis galego	Só galego
8	14	7	3	4

Que lingua empregas habitualmente no centro educativo?				
Só castelán	Máis castelán	As dúas por igual	Máis galego	Só galego
4	16	5	5	6

Sumando os valores “só castelán” e “máis castelán” por unha banda, e por outra “máis galego” e “só galego”, os datos fóra do ámbito educativo resultan un 61,1% fronte a un 18,6% favorable ao castelán; unha diferenza do 42,5%.


No caso do ámbito escolar os resultados ofrecen un 55,5% (castelán) fronte a un 30,6% do galego; unha diferenza do 19,9%. Aumenta a presenza do galego nos valores só galego e máis galego, aínda que diminúe no valor as dúas por igual.

Nas seguintes gráficas podemos observar con maior claridade estes datos que poñen de manifesto a situación de desvantaxe na que se atopa a lingua galega con respecto á lingua castelá no conxunto do profesorado, peza clave para acadar a igualdade pretendida en competencia lingüística por igual de ambas as dúas linguas oficiais de Galicia.





Máis polo miúdo, establecemos diferentes situacións comunicativas para seguirmos afondando en cal é a lingua de uso habitual por parte do profesorado. Estes son os resultados:

	Cal é a lingua que usas habitualmente...?				
	Só castelán	Máis castelán	As dúas por igual	Máis galego	Só galego
Co teu pai	14	6	5	1	10
Coa túa nai	14	6	4	2	10
Cos teus irmáns	16	6	3	1	10
Coa túa parella	17	7	3	3	6
Cos teus fillos	17	7	6	0	6
Co alumnado fóra da aula	10	9	8	1	8
Cos compañeiros	7	8	11	3	7
Co persoal non docente	7	7	11	3	8
Coas persoas que che falan castelán	17	7	5	4	3
Coas persoas que che falan galego	5	3	2	8	18
Coas amizades	12	7	12	1	4
Coas persoas descoñecidas	10	9	7	6	4
TOTAL 1	146	82	77	33	94
TOTAL 2	228		77	127	




A teor dos datos obtidos observamos como o valor “só castelán” predomina en todas as circunstancias comunicativas agás na relación co persoal non docente (22,2% do valor “só galego” fronte ao 19,4% do valor “só castelán”, aínda que como veremos máis adiante sumando os valores “só castelán” e “máis castelán” por unha banda e “só galego” e “máis galego” pola outra, o predominio do castelán é maior tamén neste ámbito. Algo semellante ocorre cando falan entre si, empregando só o galego ou só o castelán case o 20% en cada caso, aínda que sumando os outros valores o predominio do castelán seguirá manténdose. A outra excepción está cando o profesorado se comunica con persoas galegofalantes xa que o 50% manifesta que empregaría o galego.





Nestes dous gráficos que nos amosan os valores agrupados nas doce situacións comunicativas que se lle formularon ao profesorado, tanto no total absoluto como agrupando os valores “só castelán” con “máis castelán” por unha banda e “só galego” e “máis galego” pola outra, podemos observar claramente o predominio do castelán como lingua de uso habitual por parte do profesorado en practicamente todas as situacións comunicativas, circunstancia que pon en clara desvantaxe á lingua galega e dificulta a consecución da plena normalización do galego no ámbito escolar.

O profesorado que imparte docencia dentro do sistema educativo galego ten a suficiente competencia na lingua propia de Galicia para impartir as súas materias en galego e, de igual xeito, para desenvolverse en calquera ámbito de comunicación profesional e persoal. Malia isto, a percepción que os profesores e profesoras teñen do seu nivel de competencia lingüística en galego é diversa e pode condicionar o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.




Na gráfica podemos observar que malia a que o 11,1% do profesorado manifesta que a súa capacitación para impartir docencia en lingua galega é baixa, no conxunto do profesorado esta competencia é media ou alta,

destacando case un 20% que manifesta ter un nivel moi alto. Dados estes resultados e a competencia lingüística esixida para o exercicio da profesión docente en Galicia, calquera medida que se tome en canto á determinación das distintas materias que se han de impartir en galego, ou mesmamente establecer que todas ou a meirande parte das relacións interpersoais que se leven a cabo no centro, tanto co alumnado como co resto dos sectores da comunidade educativa, tamén se desenvolvan en galego, non causaría ningún problema para o profesorado.

Resulta tamén de suma importancia para a elaboración dun proxecto lingüístico coñecer a opinión do profesorado sobre algunhas opinións que con frecuencia se empregan como argumentos ou razóns para a toma de decisións en canto ao uso da lingua galega no ensino. Nalgúns casos estamos ante verdadeiros prexuízos lingüísticos, e unha das claves para atallalos é precisamente ser conscientes da súa existencia. Nalgúns ocasións damos por válidos axiomas que non o son e que condicionan negativamente as nosas decisións.

	Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
O uso do galego establecido na lexislación educativa (33% das materias) é excesivo.	21 (58%)	7 (19%)	6 (17%)	1 (3%)	1 (3%)
Cadaquén debería poder impartir as clases na lingua que quixese.	12 (33%)	10 (28%)	1 (3%)	5 (14%)	8 (22%)
O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.	2 (5,5%)	1 (3%)	4 (11%)	9 (25%)	20 (55,5%)
Calquera materia (matemáticas, tecnoloxía, filosofía, música...) pódese aprender en galego.	1 (3%)	2 (5,5%)	2 (5,5%)	4 (11%)	27 (75%)
A lingua galega debe ser fomentada socialmente, non unicamente no sistema educativo.	2 (5,5%)	1 (3%)	3 (8%)	6 (17%)	24 (66,5%)



Quizais os datos que máis nos chaman a atención son aqueles que poñen de manifesto a falta de unanimidade en aspectos tan determinantes no proceso de normalización lingüística da lingua galega e incluso na toma de decisións para determinar e ordenar o proxecto lingüístico, por exemplo: o 39% do profesorado amosa a súa indiferenza, está bastante de acordo ou completamente de acordo na consideración de que cada profesor/a debería impartir as súas clases na lingua que quixese. Un 23% do profesorado amosa a súa indiferenza, está bastante de acordo ou completamente de acordo na consideración de que o uso do galego establecido na lexislación educativa é excesivo, cando nin sequera chega ao 50% das materias.

Ante a pregunta *que consideración tes sobre o estado actual do galego?* En xeral considérase que se fala en maior ou menor medida en función da distribución xeográfica: máis galego en zonas rurais, máis castelán en zonas urbanas.

Aínda que algunhas opinións defenden que o seu estado actual é bo e está coidado a nivel oficial e respectado a nivel social, mellorando con respecto a tempos pasados (as menos), son moitas máis as que indican que o seu uso decrece, que é unha lingua en claro retroceso fronte ao castelán e incluso que está ferido de morte; de seguir así non tardará en desaparecer posto que non hai relevo xeracional.

As accións máis propostas para dinamizar e fomentar o uso do galego nos centros educativos son:

- Concienciar aos falantes da importancia de usar varias linguas.
- Loitar contra o uso de certos tópicos que catalogan os falantes de determinadas linguas como mellores ou peores.
- Non impoñelo, senón fomentalo con actividades lúdicas e o uso das novas tecnoloxías.
- Cambiar a lexislación.

Conclusións.

- Contamos cun claustro con experiencia no desenvolvemento da súa profesión e adaptado aos principios didácticos que rexen o actual modelo de ensinanza-aprendizaxe.
- A lingua habitual do profesorado é o castelán fóra do ámbito educativo (61,1%) e tamén no instituto (55,5%).
- O valor “só castelán” predomina en todas as circunstancias comunicativas agás na relación co persoal non docente (22,2% do valor “só galego” fronte ao 19,4% do valor “só castelán”).
- Malia que o 11,1% do profesorado manifesta que a súa capacitación para impartir docencia en lingua galega é baixa, no conxunto do profesorado esta competencia é media ou alta, destacando case un 20% que manifesta ter un nivel moi alto.
- O 39% do profesorado amosa a súa indiferenza, está bastante de acordo ou completamente de acordo na consideración de que cada profesor/a debería impartir as súas clases na lingua que quixese.
- Un 23% do profesorado amosa a súa indiferenza, está bastante de acordo ou completamente de acordo na consideración de que o uso do galego establecido na lexislación educativa é excesivo, cando nin sequera chega ao 50% das materias.
- A meirande parte do profesorado considera que o galego está nunha clara situación de risco ao non haber relevo xeracional.
- Como solución a esta situación propoñen entre outras medidas dinamizadoras un cambio de lexislación.

6. Situación da lingua galega no sector das familias.

A principios do ano 2020 achegámoslles ás familias unha enquisa para recollermos os datos máis significativos sobre a situación lingüística e fornecer a información de partida imprescindible para a elaboración do proxecto lingüístico do centro.

A enquisa ía dirixida a todos os proxenitores, tanto a pais como a nais. En total recibimos 329 enquisas cubertas, correspondendo aos seguintes niveis educativos:



NIVEL EDUCATIVO	NÚMERO DE ENQUISAS
1.º ESO	100
2.º ESO	53
3.º ESO	59
4.º ESO	62
1.º BACHARELATO	34
2.º BACHARELATO	21
TOTAL	329

Tendo en conta o número de irmáns que están matriculados no centro e aqueles que conviven unicamente cun dos proxenitores, estimamos que aproximadamente ao redor do 40% dos proxenitores cubriron as enquisas. Este é un aspecto a ter en conta á hora de realizarmos a interpretación dos datos achegados.



Como xa indicamos en apartados anteriores, resulta interesante coñecer a procedencia dos proxenitores. Por unha banda, sabemos que o hábitat é un factor a ter en conta á hora de evidenciar a maior ou menor presenza do galego como lingua inicial ou materna e mesmamente como lingua habitual da contorna familiar e social. Por outra, a crecente diversidade da procedencia do noso alumnado constitúese como outro factor a ter en conta. Deste xeito os datos recollidos no tocante á procedencia dos proxenitores son os seguintes:

PROCEDENCIA DOS PROXENITORES				
GALICIA		ESPAÑA SEN GALICIA	ESTRANXEIRO	
VILAS	CIDADES		PAÍSES LINGUA CASTELÁ	OUTROS PAÍSES
83 (25%)	140 (43%)	36 (11%)	44 (13%)	26 (8%)

Como ben se pode observar nos datos recadados o 68% dos proxenitores son de orixe galega, sendo unha porcentaxe bastante significativa (32%) aqueles que proceden doutras comunidades ou países que non teñen o galego como lingua oficial. Isto débese ter moi en conta á hora de reforzar o estudo da lingua galega como medida compensatoria para acadarmos o equilibrio na adquisición de igual competencia lingüística en galego e castelán.




Malia termos os datos de idade e profesión dos proxenitores, non se constitúen en variábeis que vaiamos a empregar para o deseño de proxecto lingüístico. Non teñen relevancia, dende o noso punto de vista e, ademais, estaríamos a contribuír ao alimento dos prexuízos lingüísticos en canto a que nos conducen inevitabelmente a relacionar a idade e a profesión co emprego dunha ou doutra lingua. Non acontece así cos datos do nivel de estudos nin co feito de coñecermos aqueles que realizaron estudos de lingua galega, datos importantes para determinar, senón os usos lingüísticos, si o nivel de competencia lingüística.




Os datos que nos ofrecen os gráficos anteriores son coherentes entre si ao haber unha clara correspondencia entre o nivel de estudos dos proxenitores e a realización de estudos en lingua galega. Tamén están relacionados coa idade e a procedencia xa que o galego se introduce no sistema educativo galego no curso 1979/1980, primeiro como materia de estudo e con posterioridade tamén como lingua vehicular doutras materias de estudo. Algo máis dun 17% realizaron os cursos de iniciación e perfeccionamento organizados pola Dirección Xeral de Política Lingüística. Debemos lembrar que para o acceso ao desempeño de calquera posto na administración é requisito imprescindible ter acreditada a competencia lingüística en galego; algo máis do 14% dos proxenitores son funcionarios. É tamén salientable que un 28% dos proxenitores non realizaron estudos de lingua galega (un 32% proceden de lugares fóra de Galicia).

Lingua inicial ou materna.

A lingua inicial ou materna dos proxenitores resulta clave para determinar a lingua inicial ou materna dos fillos. Por outra banda, existe unha clara relación entre a lingua inicial e a habitual. Queremos tamén comprobar ata que punto unha das conclusións que nos ofreceron os datos tirados das enquisas realizadas co alumnado se contrasta cos datos obtidos na enquisa coas familias, unha das máis transcendentales en canto ao futuro da lingua galega, a perda de presenza do galego como lingua materna no alumnado pola perda da transmisión interxeracional.





O 60% dos proxenitores teñen o castelán como lingua materna; no caso do alumnado é un 73%, 13 puntos porcentuais máis a prol do castelán. O 11% dos proxenitores teñen o galego como lingua materna; no caso dos seus fillos esa porcentaxe diminúe ata un 3%. No caso de ter ambas as dúas linguas por igual como lingua materna tamén se produce unha diminución que vai do 24% dos proxenitores ao 19% no caso dos seus fillos. A porcentaxe de ter outra lingua distinta ao galego e castelán mantense no 5%. Podemos concluír que efectivamente a presenza do galego diminúe consonte a idade é menor e que a transmisión interxeracional é o factor determinante.



Lingua habitual.

No seguinte gráfico podemos observar claramente como o factor idade é clave para determinar a influencia da lingua inicial ou materna con respecto á maior presenza da lingua habitual, aínda que no caso do galego, a perda da transmisión interxeracional é evidente. Por outra banda, consonte a idade dos entrevistados é menor, a presenza do galego como lingua habitual tamén é menor. No gráfico tamén observamos a perda gradual do galego como lingua habitual: se os avós empregaban só o galego nun 36% e máis galego nun 26,5%, no caso dos proxenitores do noso alumnado esas porcentaxes baixan a un 3% no valor “só galego” e a un 13% en “máis galego”.




A tendencia de perda do galego como lingua habitual observámola claramente neste gráfico agrupando os valores “só galego e máis galego”, por unha banda, e por outra “sóa castelán e máis castelán”.

Do 61,5% dos avós que teñen o galego como lingua de uso habitual pasamos a un 6% do alumnado. O estancamento que se produce no aumento de castelán falantes habituais entre os proxenitores e os seus fillos explícase polo aumento daqueles que empregan as dúas linguas por igual (un 10%).

Con todo, a diferenza existente entre o galego e o castelán no alumnado é de 66 puntos porcentuais (82% castelán -10% as dúas por igual-6% galego). O desequilibrio entre ambas as dúas linguas oficiais de Galicia ponse de manifesto unha vez máis.

O emprego da lingua galega depende dos interlocutores cos que se adoite a falar. É bastante frecuente que unha persoa mude a súa lingua habitual dependendo da situación comunicativa. Os seguintes datos recollidos nas enquisas poden ilustrar esta situación.

	Con que frecuencia utiliza o galego?		
	Sempre	Ás veces	Nunca
En xeral	35	187	107
Cos seus pais	71	93	165
Cos seus fillos	31	111	187
Coa súa parella	30	86	213
Cos compañeiros do traballo	35	162	132
Cos amigos	32	160	137
Cos veciños	39	164	126
TOTAL	273	963	1067



O valor “nunca”, referido a que en xeral nunca se emprega o galego, é o escollido polo 33% dos proxenitores que cubriron as enquisas. Sumando a totalidade do valor “nunca” en cada unha das sete situacións propostas, a porcentaxe aumenta ata un 46%.

No caso do valor “ás veces”, o comportamento é contrario xa que na variábel en xeral resulta un 57% dos proxenitores, diminuíndo no total a un 42%.

No valor “sempre”, referido a que en xeral sempre se usa o galego, a porcentaxe sitúase nun 15%, mentres que no valor total diminúe ata un 12%.


Unha vez máis podemos observar como se produce a perda de transmisión da lingua galega de pais a fillos. Dun 22% de proxenitores que falan sempre en galego cos seus pais, tan só un 9,5% a manteñen cando falan cos seus fillos.

O valor que presenta unha maior porcentaxe é “nunca” referido a cando fala coa súa parella, un 65%, fronte ao 9% daqueles que manifestan que usan “sempre” o galego.

Por outra banda, resulta significativo que partindo dos datos da lingua habitual (16% dos proxenitores falan só galego ou máis galego que castelán, e o 82% só castelán ou máis castelán que galego) o 73,6% manifesta que sempre falou a mesma lingua; o 9,1% mudou a súa lingua dos valores máis galego a máis castelán, e o 17,3% de máis castelán a máis galego. Tendo en conta que a meirande parte dos proxenitores (72,3%) realizaron estudos de lingua galega e que o 22% tiveron o galego, ou ambas as dúas linguas como lingua inicial, a incidencia da planificación lingüística e do proceso de normalización da lingua galega dirixida a gañar galegofalantes non deu os resultados esperados.


Competencia lingüística.

	QUE GRAO DE DIFICULTADE TEN PARA?		
	NINGUNHA	ALGUNHA	MOITA
Entender galego	270	50	9
Falar en galego	201	95	33
Ler en galego	251	59	19
Escribir en galego	170	113	46



Unha vez máis os datos recollidos nas 329 enquisas cubertas polos proxenitores do noso alumnado veñen a demostrar que en xeral os proxenitores teñen a suficiente competencia lingüística para entender o galego, lelo, falalo e, en menor medida, escribilo. Non existe unha clara correspondencia entre a competencia lingüística e o uso que dela se fai, factor que se dá en todos os sectores da comunidade educativa. Está claro que moitas das medidas a tomar terán que partir desta situación.

En xeral, os proxenitores consideran que o seu coñecemento do galego é alto nun 34%, medio nun 50% e baixo nun 16%.



Actitudes cara a lingua.

A actitude cara a unha lingua tamén se demostra cando unha persoa tendo a suficiente competencia na lingua na que se dirixen a el, emprega outra lingua diferente, polas razóns que sexan.

O caso demostrado polos datos recollidos é que cando alguén se dirixe aos proxenitores en lingua galega, estes contestan en castelán nun 32%, mentres que contestarían en galego un 68%. Lembremos que algo máis do 97% dos proxenitores teñen suficiente competencia lingüística para entender o galego e o 90% (aínda tendo algunhas dificultades) poderían expresarse en galego. No caso de que o interlocutor se dirixa a eles en castelán, o 95,2% dos proxenitores contestarían en castelán. O 4,8% restante faríao en galego.

As opinións sobre o estado actual da lingua galega polarízanse entre os que pensan que a súa situación é boa; que está ben coidado e amparado pola lexislación actual, e os que pensan que está en decadencia por falta de transmisión interxeracional, e que non se debería perder nunca.

Danse queixas sobre o pouco que é usado pola xuventude en xeral, nas redes sociais e nas novas canles de comunicación. Consideran que os seus fillos teñen vergoña para se expresar nel e que segue a identificarse con falantes de moita idade.

Considérase que os medios de comunicación non favorecen a súa normalización e que os máis novos non teñen referentes claros aos que emular. A “modernidade” non ten nada que ver co galego e non está presente no día a día da xente.

Hai varias opinións que defenden que o galego é unha lingua imposta e que debería haber liberdade á hora de escoller a lingua na que se eduquen os fillos; non se respectan os galegos que teñen como lingua materna o castelán.

Varias persoas manifestan que o galego non serve para nada e que se trata dunha lingua inventada con demasiados cambios normativos. Deberíase ensinar pero non utilízalo como lingua vehicular noutras materias curriculares.

En canto ás medidas e accións que se deberían tomar nos centros educativos para dinamizar e fomentar o uso do galego apúntanse as seguintes:

- Promover a lectura de libros en galego.
- Fomentar o uso do galego entre os máis pequenos.
- Fomentar o seu uso nas novas tecnoloxías.
- Actividades lúdicas en galego.
- Promocionar os cursos de galego.
- Falalo máis na casa.
- Inmersión lingüística dende a Educación Infantil.
- Actividades fóra do horario lectivo: teatro, música, xornalismo...
- Que todo o profesorado fale galego.

Conclusións.

- O 68% dos proxenitores son de orixe galega, sendo unha porcentaxe bastante significativa (32%) aqueles que proceden doutras comunidades ou países que non teñen o galego como lingua oficial.
- O 72,3% dos proxenitores teñen realizados estudos de lingua galega.
- O 60% dos proxenitores teñen o castelán como lingua materna; no caso do alumnado é un 73%, 13 puntos porcentuais máis a prol do castelán. O 11% dos proxenitores teñen o galego como lingua materna; no caso dos seus fillos esa porcentaxe diminúe ata un 3%. No caso de ter ambas as dúas linguas por igual como lingua materna tamén se produce unha diminución que vai do 24% dos proxenitores ao 19% no caso dos seus fillos.
- Prodúcese unha perda de transmisión da lingua galega de pais a fillos. Dun 22% de proxenitores que falan sempre en galego cos seus pais, tan só un 9,5% a manteñen cando falan cos seus fillos.
- En xeral os proxenitores teñen a suficiente competencia lingüística para entender o galego, lelo, falalo e, en menor medida, escribilo. Non existe unha clara correspondencia entre a competencia lingüística e o uso que dela se fai.
- Os proxenitores consideran que o seu coñecemento do galego é alto nun 34%, medio nun 50% e baixo nun 16%.
- As opinións sobre o estado actual da lingua galega polarízanse entre os que pensan que a súa situación é boa; que está ben coidado e amparado pola lexislación actual, e os que pensan que está en decadencia por falta de transmisión interxeracional, e que non se debería perder nunca.
- Varias persoas manifestan que o galego non serve para nada e que se trata dunha lingua inventada con demasiados cambios normativos. Deberíase ensinar pero non utilizalo como lingua vehicular noutras materias curriculares.
- Malia o dito no punto anterior, outros proxenitores indican que unha das accións que se deberían tomar para fomentar o uso do galego sería a inmersión lingüística dende a Educación Infantil.

